



## 1. DATOS DA ACTIVIDADE

**NOME:** Lei 40/2015 e o exercicio da competencia administrativa: manual para a desconcentración, delegación, avocación, encomenda e suplencia

**CONVOCATORIA:** UNIVERSIDADES, convocatoria

**GRUPO:** Cursos EGAP - Universidades

**ÁREA:** Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas

<b>CUALIFICACIÓN:</b>	APROVEITAMENTO	<b>PLAN:</b>	F. FINALISTAS	<b>HORAS:</b>	12
<b>ADMINISTRACIÓN:</b>	UNIVERSITARIA	<b>ESTADO:</b>	CONVOCADO	<b>ANO:</b>	2026
<b>MOD.IMPARTICIÓN:</b>	TELEPRESENZA	<b>TIPOLOXÍA:</b>	XERAL	<b>EDICIÓNS:</b>	1

**DATA MATRÍCULA:** Do 09/06/2026 - 09:00h ao 16/06/2026 - 14:00h

## 2. DESCRICIÓNS

### DESCRIPCIÓN CURSO

De acordo coa Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, as competencias exercitaranse por aqueles órganos que as teñan atribuídas como propias. Con todo, esta mesma norma prevé, ao mesmo tempo, a posibilidade de acudir a técnicas de modulación competencial co fin de axilizar o funcionamento da Administración, incrementar a eficacia da súa actuación ou achegar a xestión pública ao cidadán. Estas figuras, que permiten flexibilizar este principio de irrenunciabilidade da competencia, son: a desconcentración, a delegación interorgánica, avocación, encomenda de xestión, delegación de firma e suplencia.

Poden, así, destacarse como obxectivos xenerais do curso os seguintes:

- Estudo dos elementos que integran a competencia administrativa.
- Análise das distintas figuras de modulación competencial e o seu réxime xurídico.
- Exame dos vicios que poden afectar o acto, derivados dun defecto competencial, e as súas consecuencias.

Como obxectivo específico se estudarán situacións concretas que pode xerar a actividade administrativa cotiá, e que poden facer conveniente o uso destas técnicas: en especial, a delegación e a suplencia

### DESTINATARIOS

Persoal técnico, de xestión e de administración e servizos (PTXAS) das universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG).

Persoal A1 y A2.

### PROGRAMA

Módulo 1. A competencia  
Módulo 2. Desconcentración  
Módulo 3. Delegación  
Módulo 4. Avocación  
Módulo 5. Encomenda de xestión  
Módulo 6. Delegación de firma  
Módulo 7. Suplencia

### CRITERIOS DE SELECCIÓN

Persoal A1 y A2.

Criterios xerais da EGAP, segundo a Resolución do 10 de maio de 2023, pola que se fan públicas as bases e as condicións xerais de participación nas actividades formativas (DOG núm 96, do 23 de maio de 2023).

### 3. DATOS EDICIÓNS

#### TELEPRESENZA

**LOCALIDADE:** TELEPRESENZA

**INICIO / FIN:** 17/09/2026 a 24/09/2026

**NUM. PRAZAS:** 35

**ESTADO:** NORMAL

**DATA EXAME:** 24/09/2026 ás 19:00h

#### DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE

#### LUGAR DE REALIZACIÓN

**Sala telepresenza:** Os días 17 e 24 de setembro de 16:30 a 19:30. <https://egap.xunta.gal/aulavirtual>

**Sala telepresenza:** Os días 21 e 22 de setembro de 16:30 a 19:30. <https://egap.xunta.gal/aulavirtual>

Proba final en liña.